



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARREDOR DA OBRA DE CURROS ENRÍQUEZ.

En Santiago de Compostela, na sede dos servizos centrais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

REÚNENSE:

Dunha parte, -----, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 15/, do 9 de febreiro de X, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, -----, na súa condición de presidente da Fundación Curros Enríquez (CIF G32322315), actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

MANIFESTAN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.



Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro é fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Fundación Curros Enríquez, é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo dar a coñecer a obra de Curros Enríquez e estudar os seus aspectos máis innovadores e menos públicos. Curros Enríquez foi un poeta dos máis aclamados da súa xeración. Autor de numerosas obras en lingua galega forma parte, xunto con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, do movemento chamado Rexurdimento da literatura galega de finais do século XIX.

A súa obra trascende máis alá da súa poesía e céntrase durante gran parte da súa vida no periodismo. Prestixioso redactor de *El País* e a *Gaceta de Madrid*, o seu cometido informativo levouno a exercer como correspondente de guerra no País Vasco durante a terceira guerra carlista, escribindo unha serie titulada *Cartas del Norte* que publicou no diario *El Imparcial*. Despois dun regreso temporal á súa Galicia natal como funcionario de Facenda en Ourense, finalmente viaxaría a Cuba asentándose na Habana, onde funda o semanario *La Tierra Gallega* chegando a traballar tamén en *El Eco de Galicia* así como no *Diario de la Marina*.

Para o cumprimento destes fins a Asociación conta coa seguinte programación:

Organiza o programa escolar “Ven coñecer a Celanova de Curros e Celso Emilio”; roteiros culturais por Celanova e os seus arredores; VII xornada de convivencia “Curros Enríquez en Celanova”; viaxe cultural a espazos literarios; entrega do XXXII premio “Celanova, casa dos poetas”; ludotecas para os máis pequenos; presentación de libros e audiovisuais; exposicións; visitas nocturnas teatralizadas polo mosteiro de Celanova; II premio “Adiante-Forward” de xornalismo.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- É obxecto deste convenio a colaboración coa Fundación Curros Enríquez para a realización das seguintes actividades:

1-PROGRAMA ESCOLAR “VEN COÑECER A CELANOVA DE CURROS E CELSO EMILIO”

Trátase dun programa escolar no que se fai un percorrido guiado pola vila de Celanova a través dos textos dos escritores nativos, ofrecendo as visitas programadas á Casa dos Poetas, ao Mosteiro de San Rosendo e a Vilanova dos Infantes, onde se visita a Torre da Homenaxe e a Cova de San Vivían.



2- ROTEIROS CULTURAIS POR CELANOVA E OS SEUS ARREDORES

A Fundación Curros Enríquez promove a realización de roteiros culturais entre distintos colectivos. Neste ano 2016 vaise traballar co programa “Celanova: pedra e poesía” e “Celanova: un paseo pola historia de Galicia”.

3- VIII XORNADA DE CONVIVENCIA EN CELANOVA “CURROS ENRÍQUEZ”

Trátase de promover a celebración dunha xornada de convivencia cos centros de toda Galicia que leven o nome do poeta Manuel Curros Enríquez. En 2016 está programada unha xornada na que participarán os centros CEIP Curros Enríquez da Coruña, Ourense e Celanova, o CPI Curros Enríquez de Pazos de Borbén, así como o CPR Sagrado Corazón de Celanova.

4- VIAXE CULTURAL A ESPAZOS LITERARIOS

Co fin de dar a coñecer ao resto de escritores galegos e portugueses contemporáneos dos poetas de Celanova e colaborar na difusión doutras asociacións e fundacións literarias, a Fundación Curros Enríquez organizará dúas excursións para coñecer a Casa de Manuel María e o entorno do escritor portugués Miguel Torga.

5- ENTREGA XXXII PREMIO “CELANOVA, CASA DOS POETAS”

O domingo seguinte ao aniversario do falecemento de Celso Emilio Ferreiro, celébrase anualmente o acto da entrega do premio “Celanova Casa dos Poetas”. Como adoita acontecer todos os anos, o acto desenvolverase segundo o seguinte programa:

Recepción do premiado e convidados na casa do Concello e ofrenda floral diante do monumento de Celso Emilio Ferreiro con presentación do acto e palabras de recibimento por parte do presidente da Fundación. Unha persoa coñecedora da obra de Celso Emilio é a encargada de facer unha pequena intervención sobre o poeta e remata o acto de homenaxe cun recital amenizado por un grupo musical.

A entrega do premio será na Casa dos Poetas e rematará o acto cunha intervención musical e recitado de poemas de Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro.

6- LUDOTECA PARA OS MÁIS PEQUENOS

A Fundación Curros Enríquez organiza ao longo do ano uns obradoiros destinados aos máis pequenos da vila no que o fomento da lectura segue a ser o principal protagonista. Ademais de obradoiros de traballos manuais tamén se realizan contacontos.

7- PRESENTACIÓN DE LIBROS E AUDIOVISUAIS

A Casa dos Poetas acollerá, neste ano 2016, a presentación das novidades editoriais vinculadas principalmente con Celanova, como por exemplo a de “Scotty Haggis en los Juegos de Rio de Janeiro” do celanovés Manuel Caldas, “Gracias abuelo” da tataraneta de Curros Enríquez Miriam Gilbertson Hermando e a última publicación do celanovés Carlos Montero que recibiu o Premio Primavera de Novela 2016.

8- EXPOSICIÓNS

Ao longo de todo o ano, no segundo andar da sede da Fundación Curros Enríquez, acollerá unha serie de mostras temporais de fotografías, pinturas, debuxos, etc.



9- VISITAS TEATRALIZADAS NOCTURNAS POLO MOSTEIRO DE CELANOVA

Co fin de promover o coñecemento do patrimonio da vila a Fundación Curros Enríquez organiza este ano varias visitas teatralizadas nocturnas polas dependencias do Mosteiro de San Salvador de Celanova. A visita remata cun diálogo no que un actor caracterizado de Manuel Curros Enríquez realiza un convite para seguir coñecendo o patrimonio de Celanova, principalmente o literario, visitando a Casa dos Poetas.

10- II PREMIO “ADIANTE-FORWARD” DE XORNALISMO

Dirixida a xornalista menores de 30 anos, dotado cunha bolsa de 3.000 € destinada a complementar a formación do gañador do concurso, mediante cursos universitarios ou técnicos.

11- CENTENARIO PEPE VELO

A Fundación organiza con este motivo unha mostra centrada na relación deste personaxe co buque Santa María, xunto cunha campaña de localización de material gráfico e a realización das proxeccións de filmes e documentais que xerou este acontecemento.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a realización destas actividades, achegará á A Fundación Curros Enríquez a cantidade de 15.000 €; esta achega financiarase, con fondos propios, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterio obxectivos, así coma o interese social das mesmas, xa que é a Fundación Curros Enríquez a única que pode desenvolver as devanditas actividades na nosa comunidade autónoma.

Por iso e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2016, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- A Fundación Curros Enríquez comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.



TERCEIRA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar a cantidade de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Segundo o disposto no artigo 63 do Regulamento de Subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá realizar pagamentos a conta, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se realizará como pago a conta será de 12.000 €. O pagamento restante, 3.000 €, non se realizará ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 20 de novembro de 2016.

A Asociación presentará a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. (Anexo II do convenio).

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

Para que a consellería poida realizar os libramentos, a Asociación deberá achegar unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria (Anexo III do convenio).

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2016, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o



momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- A Asociación deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. (Anexo I do convenio).

QUINTA.- A Asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

SEXTA.- Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e pola presidente da Asociación.

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación Curros Enríquez, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos



recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2016.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente da Fundación Curros
Enríquez



ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ATOPARSE AO DÍA NO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACION PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Dona/don _____ con DNI _____,
en nome e representación da entidade _____,
con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade _____, atópase ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e fronte á seguridade social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, _ , de ___ de 2016



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓN PARA OBTEN A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

D/Dna _____ con DNI _____,
en nome e representación da entidade _____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

A) Que para a seguinte actuación _____,
a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:
AXUDAS CONCEDIDAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se acha incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, ___, de _____ de 2016



ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dona _____,
con DNI _____, en nome e representación da entidade

con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade á cal representa é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- IBAN:
- Entidade:
- Sucursal:
- Díxito de control:
- Núm. de conta:

(Lugar e data)

(Sinatura)